

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O DÍA 10 DE XULLO DE 2025.-

ASISTENTES:

ALCALDE: D. Francisco Quintela Requeijo

CONCELLEIROS/A: D. Juan Carlos García Barreiro, D^a. María Yolanda Valiño Pena, D. Francisco Manuel Crespo Gómez, D^a. Mónica Álvarez Martínez, D. Jorge Boado Presas, D^a Pura Ferreño Saia, D. Pablo Bugía López e D. José Manuel Vara García.

SECRETARIO: D. David Veiga Sierra.

Na Casa do Concello de Coirós, ás vinte horas e corenta e oito minutos do día dez de xullo de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación Municipal, presidida polo Sr. Alcalde e coa asistencia das persoas que máis arriba se relacionan.

Comprobada a existencia de quorum dase inicio á sesión plenaria coa seguinte Orde do día

1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.-

Polo Sr. Alcalde dase conta dos borradores das actas das Sesións seguintes: Sesión extraordinaria urxente celebrada o 19 de decembro de 2024, sesión ordinaria celebrada o 20 de xaneiro de 2025, e sesión extraordinaria urxente celebrada o día 4 de febreiro de 2025. Pregunta se algún membro da Corporación quere facer algunha observación, non realizándose ningunha.

Sometidas as actas a votación resultan aprobadas por unanimidade dos membros presentes.

2.- FESTIVOS LOCAIS 2026

Polo Sr. Alcalde son propostos os seguintes días:

- 7 de xaneiro, San Xulián
- 17 de febreiro, Martes de Carnaval

Sometido a votación, adoptase o acordo por unanimidade dos membros presentes.

3.- INFORMES DE ALCALDÍA.

Non se produce ningunha intervención.

4.- MOCIÓN DO BNG PARA PROMOVER UN PLAN ANUAL DE LIMPEZA E PREVENCIÓN DE INCENDIOS NO CONCELLO DE COIRÓS

A Concelleira, Sra. Ferreño, procede a expor a moción, do seguinte tenor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En tempos dos nosos antepasados, polo tipo de aproveitamento que se facía das leiras e montes, así como porque unha grande parte da poboación das nosas aldeas se dedicaba a traballos no campo, o mantemento dos camiños rurais era asumido en grande medida pola comunidade veciñal.

A situación foi mudando e a día de hoxe, isto é unha competencia municipal recoñecida e deben ser os concellos quen asuman a responsabilidade con cargo aos impostos que todas e todos pagamos.

Nomeadamente coa chegada da primavera o estoupido da vida enche de vexetación e cores as nosas aldeas. Máis isto tamén se nota nas beiras dos camiños, ocasionando problemas para a circulación polo estreitamento da calzada e o empeoramento da visibilidade. Compre tamén ter en conta que son moitas as vivendas habitadas que lindan con parcelas desatendidas polos seus propietarios que ocasionan a presenza de bichería e broza que non entende de marcos.

Máis despois da primavera ven o verán, logo o outono e tamén o inverno, e de novo a primavera, e os camiños seguen aí, e a vexetación non agarda que teñamos o tractor preparado e, en maior ou menor medida, medra, rosea, seca, afilla, podrece e volta a medrar.

É un erro pensar que limpar os camiños unha vez ao ano antes das festas patronais en cada parroquia soluciona o problema. É tamén un erro pensar unicamente no verán como época de risco de incendios.

Unha primavera de moita choiva coma a deste ano deixounos vexetación abondosa que agora seca e invade camiños e parcelas de material vexetal que, con tempo seco, será combustible.

Así son as cousas todos os anos, non é algo novo non ocasional.

Así pois compre ter un plan de actuación anual, deseñado con suficiente antelación, e

cunha programación e orzamento adecuado ás necesidades do noso concello.

Por todo o exposto o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego propón para o seu debate e aprobación en pleno os seguintes

ACORDOS

1. Actuar de xeito urxente, cos medios humanos e materiais necesarios, para solucionar o problema actual de limpeza e acondicionamento de camiños, núcleos habitados e franxas de protección.

2. Diseñar un plan anual de limpeza de camiños e núcleos rurais e dotalo dos medios técnicos, humanos e económicos necesarios. Para un mellor aproveitamento dos recursos, programaranse os traballos en función das distancias a vivendas e núcleos, de xeito que a limpeza sexa máis intensa nos lugares habitados, repetindo as veces necesarias para garantir o bo estado das vías e a seguridade das persoas.

3. Vixiar o estado de parcelas abandonadas próximas ás vivendas e instar ás persoas propietarias a limpalas, e proceder á execución subsidiaria no caso de se desatender.

4. Diseñar un plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, con arranxo ao previsto na lei 3/2007 e na lexislación galega de montes, e integralos nos plans de urxencia municipais.”

Remata a Sra. Ferreño a súa intervención indicando que o Concello debería organizarse mellor, empezando antes a licitación e a limpeza.

O concelleiro, Sr. Boado, responde que agora mesmo hai 3 tractores traballando, ao que a Sra. Ferreño responde que non debemos esperar a maio para empezar a limpar.

O Sr. Boado indica que ademais dos tres tractores hai unha cuadrilla de oito traballadores, e que o único que falta é de Queirís a Coirós.

A Sra. Ferreño afirma que hai casos e persoas nos que existe máis risco, polo que debe prestarse máis atención.

O Sr. Boado responde que de Santiago de Ois a Espenuca é onde peor está e é unha

estrada da Deputación, e que o Concello lles fixo un requirimento para que limpasen e aínda están a contratar agora. Afirma tamén que o Concello incluso actúa en zonas que non son do Concello, por seguridade.

O Sr. Alcalde intervéñ para indicar que existe un Plan anual deseñado dende hai anos, así como un Convenio coa Xunta de Galicia, que o Concello so se dedica a zonas urbanas, e que a xente debe saber o que ten que facer. A Sra. Ferreño, ante estas afirmacións, solicita que se lle facilite unha copia do Plan de limpeza.

Sometida a votación, a moción resulta rexeitada por 3 votos a favor (2 BNG e 1 PSOE) e 6 votos en contra (PP).

5.- MOCIÓN DO BNG PARA PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ E A XESTIÓN TRANSPARENTE NO CONCELLO DE COIRÓS.

A Concelleira, Sra. Ferreño, procede a expor a moción, do seguinte tenor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Democracia non é só votar cada catro anos. Democracia é tamén contar coa participación de todas e de todos, coa opinión da veciñanza e dos colectivos sociais, para definirmos colectivamente que concello queremos construír e que tipo de políticas aplicar.

Unha democracia real e plena ten que permitir a participación directa, e con protagonismo, da cidadanía na toma de decisións, sen limitala aos procesos electorais e á súa expresión representativa.

No ámbito municipal, por ser o máis próximo, ese principio tórnase unha necesidade imperativa que ademais nos últimos anos se ten constituído nunha demanda social. A abordaxe das cada vez máis complexas necesidades e problemas sociais, esixe respostas que vaian para alén do mecanicismo técnico ou da imposición unilateral por parte das administracións.

Neste sentido cobra especial relevancia a participación cidadá, concibida como calquera tipo de práctica social a través da que a veciñanza ten a posibilidade material de incidir

sobre a política ou sobre calquera dimensión do colectivo. Para alén, do que supón de mellora da calidade democrática e das propias políticas públicas, a promoción da participación cidadá como elemento basilar dun xenuíno modelo de Goberno Aberto ten evidentes beneficios:

- Axuda a xerar confianza nas institucións e fortalecer as ligazóns sociais.*
- Contribúe a orientar a xestión do público cara a políticas que atendan, de verdade, as necesidades da cidadanía.*
- Posibilita o aproveitamento da intelixencia colectiva na toma de decisións públicas.*
- Contribúe á construción dunha cidadanía máis activa, con maior coñecemento e capacidade de análise crítica para enfrontar os problemas do seu entorno.*
- Incrementa a sensibilización e concienciación da sociedade, a vontade colectiva de cambio e promove o fortalecemento do municipio como comunidade humana e non apenas como un espazo.*
- Fomenta a integración e a creación de redes e tecido a nivel social.*
- Contribúe a perfeccionar as decisións públicas e avanzar en termos de eficiencia.*

As transformacións que fixeron medrar e avanzar Galiza sempre tiveron un denominador común. Foron resultado do empurre popular; da forza da xente, da suma de vontades das galegas e galegos.

Hoxe en día Galiza é tan diversa como combativa, tan plural como solidaria, tan complexa como determinada a enfrontar, xuntos e xuntas os retos que se nos poñan no camiño. E eses elementos que nos definen teñen cristalizado tamén na existencia dun vizoso tecido asociativo, nun activo entramado de movementos sociais que dinamizan o País nos seus diferentes ámbitos e que son unha xenuína expresión de espazos de participación.

O noso concello non é alleo a esta realidade. Son numerosas as demandas formuladas por persoas particulares e tamén a nivel colectivo pola necesidade de dotarnos de

mecanismos que favorezan a participación cidadá no noso concello para facer imperativo o dereito da cidadanía a ser escoitada e atendida e a que a súa opinión sexa, efectivamente tida en conta no proceso de toma de decisións.

Todo isto fai imprescindible dotar ao concello de Coirós de mecanismos efectivos e útiles para facilitar e dinamizar a participación do conxunto da veciñanza.

*Por todo o exposto o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego propón para o seu debate e aprobación en pleno os seguintes **ACORDOS***

Primeiro.- Instar o Goberno municipal a iniciar, de maneira inmediata, o proceso de elaboración dun Regulamento Municipal de Participación cidadá, que se asente nos seguintes principios:

- Elaboración participativa do orzamento municipal*
- Establecer mecanismos de control popular da acción do Goberno municipal e de dación de contas*
- Mellora dos medios de acceso público á información*
- Creación de Consellos veciñais, que poden ser por parroquias, concibidos como espazos de co-decisión nos asuntos que afecten o seu ámbito territorial*
- Regulamentación específica da concesión de subvencións municipais e do seu control e creación dunha Comisión específica con participación de toda a Corporación.*

Segundo.- Instar ao Goberno municipal á reforma do Regulamento Orgánico do Pleno para facilitar a promoción de iniciativas populares e a intervención de asociacións e colectivos nas sesións plenarias.”

O Sr. Alcalde toma a palabra e afirma que “vaia festa se montaría” cos orzamentos participativos. Indica que hai eleccións cada catro anos, e os Concelleiros son os representantes das parroquias, e afirma que a el nunca lle consultaron da Xunta ou da Deputación sobre os orzamentos.

A Sra. Ferreño lle responde que hai que saber facer unha Asamblea. Débense propoñer as

cousas á xente e que eles decidan, e indica que con respecto aos orzamentos da Xunta e de Deputación teñen a capacidade de presentar alegacións.

O Sr. Alcalde lle indica que nos orzamentos do Concello tamén se pode, ao que a Sra. Ferreño responde que quen se decata de que se publican. O Sr. Alcalde replica que con os do Estado tampouco se decata ninguén.

A Sra. Ferreño afirma que a presentación de propostas no Pleno debería permitirse e facilitarse a participación, ao que o Sr. Alcalde responde que os veciños poden facelo con el ou cos Concelleiros.

Sometida a votación, a moción resulta rexeitada por 3 votos a favor (2 BNG e 1 PSOE) e 6 votos en contra (PP).

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

BNG:

Concelleira Sra. Ferreño:

- Pregunta sobre un acordo de Xunta de Goberno de vinte e cinco de maio sobre a rehabilitación de espazos verdes.

O Sr. Alcalde responde que se trata de Pedrapartida.

- Pregunta sobre dous acordos de Pleno, de marzo e maio de 2024, sobre melloras acústicas no pavillón de A Cortella e o Centro Social, sobre mellora da sensibilidade sensorial.

O Sr. Boado responde que a achega do pavillón para cambiar a cuberta influiría, pero non teñen resposta todavía, e o Sr. Alcalde indica que para o Centro Social tamén se solicitou unha subvención pero continúan esperando.

- Indica que un veciño quería tirar vidro e se lle dixo dende o Concello que non hai contedor de vidro.

O Sr. Boado responde que o que quería tirar era cristal, e que se lle indicou que o tirase no iglú verde, que houbo unha confusión.

- Lembra que hai que insistir máis na limpeza de colectores.

- Indica que os postes de telefonía se cubren de hedras, e que sabe que non é cousa do Concello, pero que quere dar un aviso.

Concelleiro Sr. Bugía

- Pregunta polo estado do camiño para ir á Igrexa dende Queirís.

O Sr. Alcalde responde que é un camiño de Fomento.

- Lembra que o camiño da antiga escola tamén quedou sen limpar.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, do que eu como Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO